

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 373/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

Asunto do Expediente: Solicitud de subvención directa para o organización dun campamento de fútbol pola escola de fútbol Irmandiños

O Alcalde acorda o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Solicitud presentada por Alberto Todosantes Serantes, como Presidente da entidade Escola de Fútbol Irmandiños, con CIF G02892941, para cofinanciar a realización dun campamento de verán nas instalacións municipais a través dunha subvención presentada o día 25/05/2026

2.- Memoria da Alcaldía asinada o día 03/06/2025 no que se xustifica o interese público e social. O campamento promovido pola Escola de Fútbol Irmandiños constitúe unha actividade de evidente interese público e social polos seguintes motivos:

a) Promoción da actividade física e dos hábitos saudables O proxecto fomenta a práctica regular de actividade física entre menores e mocidade, promovendo hábitos de vida saudables, a prevención do sedentarismo e a educación en valores asociados ao deporte, tales como o compañeirismo, o respecto, a disciplina e o traballo en equipo.

b) Función educativa e integradora O campamento ten unha importante dimensión educativa e social, ao ofrecer un espazo de convivencia, integración e participación para nenos e nenas do municipio e da contorna, favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso ás actividades deportivas e de lecer educativo. A actividade contribúe tamén á inclusión social e á creación de hábitos positivos de convivencia entre a poboación infantil e xuvenil.

c) Conciliación da vida familiar e laboral Durante o período estival existe unha demanda crecente de actividades dirixidas á infancia que permitan facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. O campamento constitúe un recurso de utilidade social para numerosas familias, ofrecendo unha alternativa educativa, segura e saudable durante as vacacións escolares.

d) Interese comunitario e dinamización social A actividade promovida pola entidade ten unha ampla repercusión social no municipio, contribuíndo á dinamización da vida deportiva local e ao fortalecemento do tecido asociativo e deportivo.

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WNS1WLTTCA5L4F62AQQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11



e) Fomentar o uso das instalacións municipais deportivas do Concello aproveitando os recursos públicos existente e optimizando o seu uso para o fin creado e , garantindo unha maior rendibilidade social dos mesmos e reforzando o seu papel como espazos de convivencia, integración e participación cidadá.

3.- Retención de crédito por un importe de 5000,00 euros na aplicación presupostaria 341,480,00

Lexislación aplicable

- Lei 7/1985 de bases de réxime local - Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Concello de As Somozas

Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

Vista a proposta de resolución PR/2026/304 de 12 de xuño de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 12 de xuño de 2026.

En virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLUCIÓN

Primeiro- Aprobar o gasto por importe de 5000,000 euros con cargo a aplicación presupostaria 341.480,00 do vixente presuposto municipal como achega para o financiamento do Convenio de colaboración entre o Concello de As Somozas que formaliza a subvención de concesión directa a Asociación escola de fútbol Irmandiños por motivos de índole social e interese público para a realización dun campamento deportivo nas instalacións municipais en xullo de 2026 . A concesión directa fundamentase por motivos de índole social e de interese publico xustificados na memoria da Alcaldía .

O primeiro pago do importe da subvención terá carácter de anticipo prepagable a xustificar polo beneficiario da subvención.

Segundo : Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello das Somozas e a Escola de Fútbol Irmandiños co contido que se establece no anexo deste decreto e notificarlle este acordo a parte interesada e proceder a sinatura conxunta do documento .

Terceiro: Publicar os datos desta Resolución na Base Nacional de Subvencións (BNDS) así como no portal da transparencia do Concello de As Somozas ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia e bo goberno.

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WNLWLTT45L4F62AQQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11



Anexo I: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS SOMOZAS E A ESCOLA DE FÚTBOL IRMANDIÑOS 2026 PARA A realización DUN CAMPAMENTO DEPORTIVO 2026

REUNIDOS

Dunha parte, _____, como alcaldía en nome e representación da entidade en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con núm. de identificación _____.

E doutra parte, _____, en representación da entidade _____ con núm. de identificación _____. En diante entidade beneficiaria.

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O concello de As Somozas ten dentro do seu ámbito competencial a promoción do deporte , especialmente en idade escolar segundo establece o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia e o artigo 25 da Lei 7/1985 de bases de réxime local o establecer como ámbito competencial municipal a Promoción do deporte e instalaciones deportivas e a ocupación do tempo de lecer .

SEGUNDO. O campamento promovido pola Escola de Fútbol Irmandiños constitúe unha actividade de evidente interese público e social polos seguintes motivos:

a) Promoción da actividade física e dos hábitos saudables O proxecto fomenta a práctica regular de actividade física entre menores e mocidade, promovendo hábitos de vida saudables, a prevención do sedentarismo e a educación en valores asociados ao deporte, tales como o compañeirismo, o respecto, a disciplina e o traballo en equipo.

b) Función educativa e integradora O campamento ten unha importante dimensión educativa e social, ao ofrecer un espazo de convivencia, integración e participación para nenos e nenas do municipio e da contorna, favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso ás actividades deportivas e de lecer educativo. A actividade contribúe tamén á inclusión social e á creación de hábitos positivos de convivencia entre a poboación infantil e xuvenil.

c) Conciliación da vida familiar e laboral Durante o período estival existe unha demanda crecente de actividades dirixidas á infancia que permitan facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. O campamento constitúe un recurso de utilidade social para numerosas familias, ofrecendo unha alternativa educativa, segura e saudable durante as vacacións escolares.

d) Interese comunitario e dinamización social A actividade promovida pola entidade ten unha ampla repercusión social no municipio, contribuíndo á dinamización da vida deportiva

DECRETO
Número: 2026-0258 Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WVNS1WL7TC45L4F62AQQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 11



local e ao fortalecemento do tecido asociativo e deportivo. A traxectoria e implantación da Escola de Fútbol Irmandiños no ámbito deportivo local converten a entidade nun axente de referencia na promoción do deporte base e na organización de actividades deportivas de interese xeral. e quedaron xustificadas, dado o carácter singular da subvención, as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública na memoria da Alcaldía .

e) Fomentar o uso das instalacións municipais deportivas do Concello aproveitamento os recursos públicos existente e optimizando o seu uso para o fin creado e , garantindo unha maior rendibilidade social dos mesmos e reforzando o seu papel como espazos de convivencia, integración e participación cidadá.

TERCEIRO. Que a finalidade do presente convenio é establecer as bases reguladoras da concesión de subvención directa para Escola de Fútbol Irmandiños poda desenvolver un campamento deportivo nas instalacións municipais.

Así pois, e de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO E CUANTIA O obxecto do presente convenio é a realización dun campamento promovido pola Escola de Fútbol Irmandiños dirixido a nenos e xuventude de entre 6 e 18 anos, con organización por grupos de idade e desenvolvemento de actividades deportivas multidisciplinares e natación, en horario de luns a venres de 10:00 a 14:00, durante o período estival comprendido entre o 6 e o 17 de Xullo , nas instalacións deportivas do Concello das Somozas

A contía individualizada da subvención é de 5000,00 euros de acordo coa asignación orzamentaria que figura no orzamento de gastos destinados a tales fins, na aplicación presupostaria 341.480.00

II.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento deste convenio e dous seus fins poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimento, de carácter paritario, na que estarán representados, por parte do Concello das Somozas o Alcalde e o primeiro tenente de alcalde, e por parte da entidade beneficiaria, o tesoureiro e o secretario, representantes da xunta directiva da entidade.

As funcións desta comisión concretaranse en:

- Facer un seguimento do cumprimento dos compromisos contemplados nas cláusulas deste convenio.
- Revisar os acordos actuais e dar o visto e prace ás addendas que puidesen sumarse a este acordo.

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WVNS1WLTT45L4F62AOQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 11



- Representar os intereses do Concello das Somozas e da entidade beneficiaria relativos ao contido deste convenio ante as institucións públicas ou privadas coas que sexa preciso relacionarse para a consecución dos obxectivos.

III.- .- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- O Concello de As Somozas comprométese a :

a) Realizar unha achega económica por importe máximo de 5000,00 € (cinco mil euros), destinada ó financiamento dos gastos correspondentes para organizar un campamento deportivo nas instalacións deportivas municipais de Somozas durante

2.- A entidade beneficiaria, pola súa banda, adquire os seguintes compromisos:

a) Desenvolver e empregar a subvención outorgada para a realización do Campamento de verán da escola de fútbol Irmandiños 2026, dirixido a nenos e xuventude de entre 6 e 18 anos, con organización por grupos de idade e desenvolvemento de actividades deportivas multidisciplinares e natación, en horario de luns a venres de 10:00 a 14:00, durante o período estival comprendido entre o 6 e o 17 de Xullo , nas instalacións deportivas do Concello das Somozas

b) Dar publicidade o financiamento deste concello

c) Empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva en tódalas fases e soportes que produza.

d) Tratar as imaxes con valores de igualdade, equilibradas, diversas, con pluralidade de roles e identidades de xénero e non estereotipadas.

e) Respetar nos seus fins, obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento e organización, o principio de igualdade de xénero e a diversidade.

f) Dado que a actividade subvencionado implica o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei 26/2015, do 28 de xullo de modificación del sistema de protección a la infancia y adolescencia, que modifica a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial o Código Civil e da Lei de axuízamento civil) . E no artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño e protección integral á infancia e a a adolescencia fronte a violencia

IV.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.O Concello das Somozas contribuirá ao financiamento da actividade realizada pola entidade beneficiaria cunha achega máxima de 5.000,00 euros. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total da achega concedida, o Concello só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WVNS1WL7TC45L4F62AQQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 11



2.- A subvención do Concello das Somozas é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado adicado o desenvolvemento da actividade subvencionada .

V.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considerase gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade mencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido neste convenio. ,

. Considéranse gastos subvencionables para a realización de actividades:

a) Compra de trofeos e premios b) Compra de material non inventariable ou funxible (importe unitario inferior a 200 euros). d) Gastos derivados das actividades realizadas (materiais, taxas, .honorarios de monitores etc..) e) Nóminas do persoal e seguridade social, cos requisitos legais. f) Carteis, impresos, pancartas, publicidade en medios de comunicación para a divulgación das actividades da entidade ou asociación. g) Seguros (de responsabilidade civil, do local, etcétera).

En ningún caso serán subvencionables: a) Intereses debedores de contas bancarias. b) Sancións administrativas e penais, así como intereses e recargas que se poidan derivar dos mesmos. c) Gastos de procedementos xudiciais. d) Gastos derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ou asociacións (almorzos, comidas, ceas, etcétera). e) Gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde. f) Gastos que contradigan o disposto no artigo 68 do RD 887/2006 e no artigo 29.7- d da Lei xeral de subvencións

VI .XUSTIFICACION DA SUBVENCION

Para a xustificación da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa da subvención coa presentación da seguinte documentación :

- 1.- Declaración responsable segundo o modelo que figura como anexo a este convenio .
- 2.-Unha memoria de actuacións,, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos onde se indiquen numero de persoas que participaron nas actividades, datas de realización, e unha pequena avaliación da actividade realizada cos fondos municipais .
- 3.- Copia das facturas que se presenten como xustificantes, deberán corresponder con gastos directamente relacionados coas actividades subvencionadas e deberán vir acompañadas do correspondente xustificante bancario de pagamento. Non se admiten xustificantes de pago en metálico
- . 4.- Xustificante gráfico da publicidade realizada da colaboración económica do Concello de As Somozas para a realización das actividades .Admítense a publicidade coa carteis,

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WNL5L1TTC45L4F62A0QWWTG
Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 11



difusión por redes sociais e demais documentación promocional e material utilizado no desenvolvemento da actividade subvencionada que se realice coa colaboración deste concello.

5.-Certificado de estar ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social conforme o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No suposto de que non se presente a xustificación polo importe esixido procederase á minoración proporcional da subvención concedida, esixindo a Escola de Fútbol Irmandiños o reintegro da cantidade correspondente, no seu caso.

A presentación da xustificación deste convenio fóra de prazo, logo de recibir o correspondente requirimento, suporá a imposición das seguintes sancións:

- Presentación da documentación xustificativa no prazo de 15 días posteriores ao requirimento do Concello, tras a finalización do prazo establecido na convocatoria: redución do 15 % da cantidade recollida neste convenio.
- A non presentación da documentación xustificativa no prazo indicado no parágrafo anterior dará lugar á perda total do importe recollido neste convenio, coa conseguinte obriga de devolución das cantidades percibidas como anticipo, se é o caso.

VII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO LOCAL E COMPROMISO DO USO DA LINGUAXE NON SEXITA E DA LINGUA GALEGA

1. Na publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónico, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de As Somozas

2. . Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria .

VIII.- PAGAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL

O pagamento da achega indicada na cláusula anterior será aprobado pola Alcaldía, de acordo co seguinte detalle:

- A metade do importe da axuda (2500,00 €) aboarase tras a sinatura do presente convenio e presentación da relación de monitores, titulación e certificados de non ter antecedentes penais
- O importe restante (2500,00) farase efectivo unha vez xustificado o primeiro pagamento e xustificado a cantidade total concedida .

IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

DECRETO
Número: 2026-0258 Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WNE5LWLTTC45L4F62AQQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 11



1.1 As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xullo de 2026 e o 31 de xullo de 2026. Para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que sexan expedidos ata o **15 de setembro de 2026, sendo esta data improrrogable como data final de xustificación**.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei d subvencións, lle poida corresponder.

3. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

X.- - DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia de data de pago e da identidade do perceptor.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XII.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DAS SOMOZAS E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WNSLWLTT45L4F62AQQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 11



leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982 , de 12 de maio , aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XIII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

XIV.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións , e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporadas á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

XV.- VIXENCIA DO CONVENIO E MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 15 de setembro de 2026

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XVI.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións , e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Alcalde do Concello, previos os informes técnicos oportunos.

3. Corresponderalle aos órganos de xurisdición contencioso- administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora de dita

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WNE1WL7TC45L4F62AOQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 11



xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

ANEXO:

CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL DIRECTA

ENTIDADE SOLICITANTE: _____

REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS N° ____

Don/Dona _____, con documento de identidade n° _____ como representante da entidade _____, na súa condición de presidente/a da mesma,

DECLARO:

A) Que se lle concedeu unha subvención directa, mediante convenio asinado con data do _____, para as actividades e/ou investimentos recollidos na solicitude oportunamente presentada, e que durante o período indicado nese convenio, realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Número	Provedor	CIF	Nº de factura	Concepto	Importe
				TOTAL	

B) Que se xunta relación de facturas polo importe da subvención concedida, xunto cos xustificantes bancarios da efectiva realización dos pagamentos correspondentes

C) Que os gastos que arriba se detallan son reais, foron aplicados ás finalidades para as que se concedeu a subvención e foron reflectidos nos libros contables da entidade.

D) Que á entidade á que represento lle foron concedidas, para as mesmas finalidades, as seguintes axudas ou subvencións:

Entidade concedente	Obxecto da axuda ou subvención	Importe €

E) Que o importe total das axudas ou subvencións recibidas en 2026 non superou o importe total dos gastos devengados.

E) Como responsable da Asociación declaro que: (Marque unha das dúas opcións)

A entidade obtivo as subvencións ou recursos (art. 30.4 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións) que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o

DECRETO
Número: 2026-0258
Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75WNL5LWLTTC45L4F62AQQWWTG
Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11



subvencionado polo Concello das Somozas
A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello das Somoza

TÁBOA DE INGRESOS (Indicar a procedencia e o importe de xeito individualizado)

PROCEDENCIA (Entidade concedente pública ou privada, persoas participantes , vendas, publicidade, patrocinios etc...)	IMPORTE
	€
	€
TOTAL	€

F) Que se fixo a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de As Somozas das actividades e investimentos subvencionados. Xúntase a efectos xustificativos un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades ou investimentos subvencionados.

G) Que a entidade á que represento está ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de As Somozas. Autorízase en calquera caso ó Concello de As Somozas a obter as certificacións necesarias desas Administracións Públicas.

Achego certificados

Nos casos en que o cadro da conta xustificativa non sexa suficiente para confeccionala, deberase cubrir o documento anexo.

As Somozas, na data da sinatura electrónica.

(Sinatura electrónica da persoa representante)

E en proba de conformidade asinamos o presente convenio, na data da sinatura electrónica.

O representante do O representante da E.F.. Alberto Todosantos Serantes

Concello das Somozas .Juan Alonso Tembrás

A Secretaria. Paula Díaz Tie

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0258 Data: 12/06/2026

Cod. Validación: 75W/N5LWLTT45L4F62AQQWWTG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

